



Estrada de Portugal, 27
32870 ó Lobios ó Ourense (España)
P ó 3204300 ó B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE LOBIOS A VINTE E SEIS DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZASEIS

No Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Lobios, sendo as doce horas e cincuenta e cinco minutos do día vinte e seis de febreiro de dous mil dezaseis, tras a correspondente convocatoria, e baixo a presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, tivo lugar a sesión extraordinaria do Pleno deste Concello que contou coa asistencia dos/as seguintes Concelleiros/as:

- Jesús Rodríguez Rodríguez
- Domingo Veloso Silva
- Prudencio Pérez Pérez
- Elsa Susana Pena Fernández
- Manuel López Álvarez
- Francisco Veloso González
- Juan Manuel Ferreira Ferreira
- Javier Vieira da Cuña
- David Fernández Delgado
- Manuel Fernández Vázquez

Actúa como Secretaria, a da Corporación, D^a Marta Izquierdo Gamallo.

Sendo a hora sinalada pásase a tratar os asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA CON DATA 30/12/2015.

Sométese a votación a redacción da acta correspondente á sesión celebrada con data 30 de decembro de 2015 sendo aprobada co resultado seguinte:

- Votos a favor: seis (PP)
- Votos en contra: cinco (PSdG-PSOE)
- Abstencións: cero

SEGUNDO.- DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA-PRESIDENCIA CORRESPONDENTES AOS MESES DE DECEMBRO DE 2015 E FEBREIRO DE 2016 (ATA A DATA DA PRESENTE CONVOCATORIA).

Xuntamente coa convocatoria da sesión achégase a relación de decretos da que se da conta na presente sesión, e se corresponden ás resolucións ditadas durante período comprendido entre o 28 de decembro do 2015 e o 23 de febreiro do 2016, e que son os seguintes:

- | | |
|----------|--|
| 28-12-15 | Decreto alta Padrón de Habitantes de Perpetua González Paz |
| 29-12-15 | Deducción de haberes en nómina Xullo 2015 Juan Fco. Sánchez González |
| 29-12-15 | Nóminas mes DECEMBRO 2015 |
| 30-12-15 | Autorización delegación de funcións de Secretaria en funcionario |
| 30-12-15 | Convocatoria sesión extraordinaria Xunta de Goberno |
| 30-12-15 | Indemnización concelleiros 4ºT/2015. |
| 30-12-15 | Prórroga orzamento 2015 |



Estrada de Portugal, 27
32870 ó Lobios ó Ourense (España)
P ó 3204300 ó B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

30-12-15	Suplido Alcaldía e traballadores municipais e outros
31-12-15	Aprobación facturas mes de DECEMBRO 2015
14-01-16	Aprobación taxas SAF DECEMBRO 2015
14-01-16	Subvención actividades culturais- CALLOS LIMIAOS
15-01-16	Alfredo Nanin e Jordan Nanin- Programas informáticos
18-01-16	Alta Padrón de Habitantes Rafael Delgado Araujo e Diego Delgado Salgado
22-01-16	Convocatoria sesión extraordinaria Xunta de Goberno
22-01-16	Delegación competencias no Tenente de Alcalde por ausencia da Alcaldesa
22-01-16	FRANCE TELECOM. Facturación móbil Alcaldesa DECEMBRO 2015
28-01-16	Nóminas mes XANEIRO 2016
29-01-16	Aprobación facturas mes de XANEIRO 2015
01-02-16	Alta Padrón de Habitantes Josefa Cerqueira Salgado
01-02-16	MOVISTAR. Facturación móbiles oficinas municipais e ambulancia a 01-02-16
04-02-16	Bases concurso ENTROIDO 2016
08-02-16	MAPFRE: Pago póliza seguros vehículos municipais 2016
08-02-16	Pago a xustificar, PREMIOS ENTROIDO 2016
12-02-16	Aprobación taxas SAF XANEIRO 2016
12-02-16	Delegación competencias no Tenente de Alcalde por ausencia da Alcaldesa
18-02-16	Alta Padrón de Habitantes Amparo Pérez Alonso
18-02-16	Alta Padrón de Habitantes Nuria Veloso Estevez e familia
18-02-16	Subvención actividades de Xuventude 2016
18-02-16	Constit. fianza obra “ Soterramento da LMT abastecemento a zona termal Baños
22-02-16	EDP. Factura luz Madalena: 19-12-15 ao 18-02-16-Xaneiro e Febreiro
23-02-16	Convocatoria Sesión Extraordinaria Pleno a petición do PSOE
23-02-16	Convocatoria Sesión Ordinaria Pleno mes de Febreiro

En relación co listado de decretos, advirte o Sr. Veloso González da existencia de pagamentos faltos de ética e que ao seu xuízo non son legais. Aconsella que as compras se repartan entre todos os negocios do concello.

Non habendo mais intervencións ao respecto, os/as Sres./Sras. Concelleiros/as danse por enterados dos Decretos que se recollen na presente acta.

TERCEIRO.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DO LEVANTAMENTO DO REPARO DE INTERVENCIÓN Á CONTRATACIÓN DE SETE AUXILIARES DO SAF POR INSUFICIENCIA DE CRÉDITO ORZAMENTARIO.

Por parte da Alcaldía dáse lectura a súa proposta en relación coa contratación de sete auxiliares a xornada completa para a prestación do servizo de axuda no fogar que foi obxecto de reparo de Intervención pola insuficiencia de crédito orzamentario ao non estar previsto este gasto no orzamento vixente que é o prorrogado do ano 2015. Xustifica a necesidade desta contratación en base ao informe da traballadora social emitido ao respecto.



Estrada de Portugal, 27
32870 ó Lobios ó Ourense (España)
P ó 3204300 ó B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Toma a palabra o Sr. Veloso González para preguntar cando se prorrogaron os orzamentos.

A petición da Alcaldía, lle responde a Secretaria municipal quen lle informa que de conformidade do disposto na normativa sobre facendas locais, a prórroga dos orzamentos opera de forma automática. De xeito tal que, se ao inicio do exercicio non se aprobou definitivamente o orzamento, prorrógase automaticamente o vixente no exercicio anterior polo importe dos seus créditos iniciais.

Pregunta tamén o Sr. Veloso González sobre a situación das auxiliares do SAF acerca de que quedarán fixas no Concello e como se van a seleccionar.

A Sra. Alcaldesa lle explica que o tipo de contratación será de carácter temporal, e que se seleccionaran a través dun concurso oposición recollido nas bases de selección. En canto a súa titulación será a esixida de conformidade coa normativa autonómica aplicable neste ámbito.

O Sr. Veloso González manifesta a súa preocupación en relación coa ampliación de cinco a sete traballadoras do Concello, así como o seu temor de que se repita o mesmo que pasou coa selección do GES, brigadas de incendios e, en xeral, con todo. Gustaríalle que entrase a traballar a xente pola súa titulación e os seus méritos, xa que o que hai que facer para traballar no Concello é votar diante do partido popular, que estudar non serve de nada.

Non habendo mais intervencións procédese logo á votación sendo aprobada a proposta da Alcaldía co resultado seguinte:

Votos a favor: dez, —Grupo Popular (6) e Grupo Socialista (4)—.

Votos en contra: cero.

Abstencións: unha, —D. Francisco Veloso González—.

Resulta adoptado o seguinte acordo:

Considerando a necesidade de atender correctamente o servizo de axuda no fogar habida conta do número de usuarios do mesmo e as limitacións de financiamento do expresado servizo tanto por parte da Consellería de Traballo e Benestar e a Deputación de Ourense, así como polo propio Concello.

Considerando que o contrato de traballo das auxiliares do servizo de axuda no fogar rematou con data 31 de decembro de 2015.

Visto o informe de reparo de Intervención de data 16 de febreiro de 2016, polo que se informa desfavorablemente á contratación de sete auxiliares do SAF por insuficiencia do crédito orzamentario.

Considerando a necesidade de prestar o servizo en fins de semana e festivos.

Considerando a situación de prórroga orzamentaria na que se atopa o Concello de Lobios.

O Concello Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Levantar o reparo de Intervención á contratación de sete auxiliares do SAF motivado pola insuficiencia de crédito orzamentario, co compromiso de habilitar o crédito necesario a través da aprobación do Orzamento para o exercicio 2016 ou de ser preciso, a través da oportuna modificación orzamentaria.

SEGUNDO.- Continuar coa tramitación necesaria para a convocatoria de sete prazas de auxiliar do servizo de axuda no fogar como persoal laboral temporal.

CUARTO.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA ACHEGADAS NO REXISTRO MUNICIPAL CON DATA 10/02/2015 E NÚMERO DE REXISTRO DE ENTRADA:

- **222. SOBRE DESPACHO OU LOCAL PAR AO GRUPO DO PSDG-PSOE. DESIGNACIÓN DE PERSOAL QUE COLABORA NAS SÚAS FUNCIÓNS. MEDIOS MATERIAIS E PERSOAIS.**



Estrada de Portugal, 27
32870 ó Lobios ó Ourense (España)
P ó 3204300 ó B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

En relación con esta moción o Sr. Veloso González insiste que teñen dereito a dispoñer dun local nas dependencias municipais, e que se lle deixe algún dos despachos que están arranxados para poder desenvolver as súas funcións axeitadamente e gardar a súa documentación.

O Sr. Ferreira Ferreira engade que o tema está en querer ou non querer.

Ao respecto, a Sra. Alcaldesa da lectura do escrito que lles mandou en outubro de 2015 sobre este mesmo tema, que se transcribe de seguido:

Francisco Veloso González

Portavoz do grupo PSdeG-PSOE do concello de Lobios

Parque de San Lázaro, nº 14,2ºB

32003-Ourense

Lobios, 28 de outubro de 2015

Estimado Francisco,

Atendendo o seu escrito de data 22/10/2015, no cal solicita un local para o uso do grupo PSdeG-PSOE a fin de poder levar a cabo as súas labores de oposición, infórmolle que por carencia de despachos ou salas debidamente equipadas só podó ofrecerlle o uso do salón de plenos, en horario de 8:30 a 14:30 de luns a venres. Lémbrolle que os días que haxa pleno ou comisión de goberno, non poderá facer uso do local.

Sendo consciente das limitacións do citado espazo, confío en poder ofrecerlle nos vindeiros meses outro local con mellores condicións.

Agardando que esta comunicación sexa do seu agrado e confiando en que a relación de colaboración redunde positivamente no Concello, reciba un cordial saúdo.

Explica que un dos despachos estivo sendo acondicionado para o seu uso por un novo arquitecto, e o outro, unha vez que estea habilitado se lle poderá facilitar.

Visiblemente alterado, o Sr. Veloso González manifesta a súa desaprobación ante a actuación do goberno municipal en relación con este asunto.

A Sra. Alcaldesa lle pide ao Sr. Veloso que garde as formas.

O Sr. Veloso advirte que se votan en contra impugnará o acordo.

A Sra. Alcaldesa reitera que non lle nega que dispoñan dun despacho. Que mentres non o tivesen poderían dispoñer do salón de Plenos.

Finalmente, tras esta discusión, os/as presentes conveñen que o acordo que se someterá a votación sexa o seguinte: facilitar ao grupo socialista do Concello de Lobios dun despacho con chave no prazo dun mes.

Non habendo mais intervencións sométese a votación a antedita proposta que resulta aprobada pola unanimidade dos/as Sres./as. Concelleiros/as presentes.

— 223. SOBRE INDEMNIZACIÓNS OU DIETAS DOS CONCELLEIROS. ACTUALIZACIÓN DOS MESMOS SIMILAR A OUTROS CONCELLOS. PAGO MENSUAL DESTES CONCEPTOS.

En relación con este asunto o Sr. Veloso González manifesta o seu desacordo no recorte das indemnizacións por asistencias que perciben os Sres. Concelleiros, nin que tampouco se cobre o kilometraxe. Compara a situación de Lobios coa de Muíños, onde o importe das indemnizacións é de noventa euros. Insiste en que os pagamentos se fagan no prazo dun mes.

A conta da comparación dos soldos e actuacións municipais entre o Concello de Lobios e os Concellos lindantes, xorde unha discusión entre a Sra. Alcaldesa e os Sres. Concelleiros D. Juan Manuel Ferreira Ferreira e D. Javier Vieira da Cuña. A Sra. Alcaldesa explica ao Sr. Vieira da Cuña o tema dos recortes no ano 2012 no que se acordou minorar o importe das indemnizacións. Pola súa banda, o Sr. Meloso González



Estrada de Portugal, 27
32870 ó Lobios ó Ourense (España)
P ó 3204300 ó B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

volve ao tema das ausencias nas sesións plenarias dos antigos/as concelleiros/as D. José Lamela Bautista e Dña. Carolina Borges Veloso. A Sra. Alcaldesa lle responde que non a faga responsable da ausencia dos mesmos pola rebaixa do importe das asistencias.

Rematada a discusión sobre este tema, e preguntados pola Alcaldía, os membros integrantes do grupo socialista manifestan a súa vontade de non votar nada en relación con esta moción.

— 224. SOBRE A ANTENA DE TELEFONÍA MÓVIL EN SAN PAIO. EXECUCIÓN INMEDIATA DO ACORDO.

A Sra. Alcaldesa informa aos presentes sobre a tramitación actual deste expediente. Comenta que a empresa Movistar pedía a cesión do camiño pero o Concello non podía facelo ao non dispoñer da titularidade do mesmo. O pobo de Gustomeau non quere alí a antena. Agora, ao non existir liñas de axudas, a Movistar non lle interesa. Están contactando con outras empresas, Vodafone e Orange, así como coa Consellería de Vicepresidencia para buscar colaboración neste tipo de actuación.

O Sr. Veloso González lle pide ao goberno municipal que non esquezan que teñen á xente e ao comercio incomunicado, e que dende o pleno de agosto xa pasaron sete meses.

— 225. SOBRE CANS SOLTOS NO CONCELLO DE LOBIOS. MEDIDAS URXENTES. DENUNCIA Á SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO E AUTORIDADES COMPETENTES.

Os Sres. Concelleiros D. Francisco Veloso González e D. Manuel Fernández Vázquez insisten na urxencia dunha normativa municipal reguladora dos cans. Que non poden andar soltos.

A Sra. Alcaldesa informa que se colocaron bandos informativos coas obrigas dos propietarios. O Sr. Fernández Vázquez lle contesta que solo cos bandos os cans continuarán sen estar pechados.

Intervén o Sr. Concelleiro, D. Domingo Veloso Silva para manifestar que ata que non multe os propietarios non farán nada.

O Sr. Veloso González propón un bando de advertencia con letra grande de prohibición de cans soltos, advertindo que se chamará a SEPRONA ou medio ambiente. Considera necesario afrontar este tema de xeito legal e ordenado.

A Sra. Alcaldesa informa aos presentes que a prioridade municipal neste momento é a aprobación dun novo orzamento. Antes que iso non se atenderá a outra cousa.

Rematadas as intervencións, os/as presentes conveñen que o acordo que se someterá a votación sexa o seguinte: colocación de bandos coa advertencia expresa de que *'ante as denuncias veciñais, sancionarse ao/á propietario/a de todo can solto'*, con indicación do teléfono da canceira.

Non habendo mais intervencións sométese a votación a antedita proposta que resulta aprobada pola unanimidade dos/as Sres./as. Concelleiros/as presentes.

— 226. INFORMACIÓN SOBRE O PERSOAL DO CONCELLO DE LOBIOS QUE PRESTA A SÚA ACTIVIDADE LABORAL NAS OFICINAS DO CONCELLO DE LOBIOS. SOBRE AS SÚAS FUNCIÓNS, SOLDOS, DEBERES E HORARIOS DOS MESMOS.

En relación con esta moción a Sra. Alcaldesa da lectura das retribucións brutas percibidas polo persoal municipal que presta os seus servizos nas oficinas do Concello de Lobios e que se transcribe a continuación.



Estrada de Portugal, 27
32870 ó Lobios ó Ourense (España)
P ó 3204300 ó B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

TRABALLADOR	CONCEPTOS					
	SALARIO BASE	P.P.E.	C.D.	C.E.	TRIENIOS	TOTAL
Marta Izquierdo Gamallo	1.120,15	0,00	705,19	999,95	86,16	2.911,45
Pablo Antonio Álvarez Martínez	727,23	0,00	514,94	553,21	132,90	1.928,28
M ^a del Carmen Rguez. Fdez.	727,23	0,00	514,94	697,82	275,38	2.215,37
Rosa M ^a García Glez.	605,25	0,00	353,43	257,78	144,64	1.361,10
María Almeida Fdez.	1.267,60	211,27	0,00	0,00	0,00	1.478,87
Rosa Ramos Pérez	973,53	0,00	0,00	0,00	0,00	973,53
Noelia Araújo Fdez.	1.267,60	211,27	0,00	0,00	0,00	1.478,87

O Sr. Veloso González manifesta que no Concello non funciona ninguén: nin a Alcaldía, nin a Secretaría, nin nada.

Respecto ao detalle das funcións desempeñadas polo persoal municipal, e co visto bo dos Sres. Concelleiros do grupo socialista, indica a Sra. Alcaldesa que lle serán achegadas por escrito a todos eles.

MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO POPULAR. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CRÉDITO EXTRAORDINARIO PARA A ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO DESTINADO A AMBULANCIA DO GES E AVPC DE LOBIOS

Antes de pasar ao quinto e derradeiro punto da orde do día, a Sra. Alcaldesa plantexa aos seguintes unha moción de urxencia do grupo popular para a aprobación dun crédito extraordinario para a adquisición dun vehículo de segunda man destinado a ambulancia do GES e da AVPC de Lobios.

Previamente ao debate e votación da moción, a Alcaldía somete á votación dos/as presentes da aprobación da urxencia do referido asunto.

A urxencia resulta aprobada pola unanimidade dos/as presentes.

A continuación por parte da Alcaldía procédese á lectura da súa proposta. Engade que este vehículo ven a substituír á anterior ambulancia que esgotou a súa vida útil como vehículo destinado a un servizo de emerxencias. A ambulancia que tivo o Concello ata o de agora viña do SAMUR con moitos kilómetros e reparacións moi custosas. O que se pretende agora é a adquisición dun vehículo de segunda man, pero moito mais nova que aquela.

O Sr. Veloso González pregunta canto custaría un vehículo novo. Tanto a Sra. Alcaldesa como o Sr. Vieira da Cuña lle responden que o seu prezo rondaría os sesenta mil euros.

Informa a Alcaldesa que a ambulancia será pagada polo Concello.

O Sr. Veloso González manifesta que a prestación deste servizo xera uns ingresos, afirmando que mesmo podería ser un negocio.

A Sra. Alcaldesa lle responde que non é un negocio habida conta dos custes que implica o servizo.

O Sr. Veloso advirte que hai que mercar un vehículo axeitado que sexa medio novo.

Non habendo mais intervencións procédese logo á votación sendo aprobada a moción do grupo popular pola unanimidade dos/as Sres./as. Concelleiros/as, adoptando o seguinte acordo:

Visto o esgotamento do vehículo de titularidade municipal MERCEDES SPRINTER con matrícula 8428DVP destinado a servizos de emerxencias e de apoio ao 061 da Xunta de Galicia, matriculado con data 01/2006 e unha vez transcorrido o período de dez anos previsto no artigo no artigo 32 da Orde PRE/1435/2013, de 23 de xullo, pola que se desenvolve o Regulamento da Lei de Ordenación dos transportes terrestres en materia de transporte sanitario por estrada.

Vista a necesidade de continuar coa prestación do referido servizo considerando a relevancia que o mesmo ten para a poboación do Concello de Lobios dado o seu carácter illado.

Vista a situación de prórroga orzamentaria na que se atopa o Concello.



Estrada de Portugal, 27
32870 ó Lobios ó Ourense (España)
P ó 3204300 ó B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Vista a necesidade de voltar, na maior premura posible, a un normal desenvolvemento do servizo da ambulancia municipal.

Visto o informe de Secretaría-Intervención de data 25 de febreiro de 2015, así como o informe sobre avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria da mesma data.

Considerando que se trata dun gasto específico que non se pode demorar ata o vindeiro exercicio, e para o que non existe crédito no vixente orzamento.

O Concello Pleno adoptou o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. CE-01/2016 baixo a modalidade de crédito extraordinario para financiar a adquisición dunha ambulancia de segunda man para prestar o servizo de emerxencias e de apoio ao 061 de Galicia polo GES e Protección Civil de Lobios, co detalle seguinte:

Alta en aplicacións de gastos

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		Descrición	Euros
Programa	Económica		
135	624	Ambulancia Protección Civil/GES	47.000,00
TOTAL GASTOS			47.000,00

Alta en concepto de ingresos

ECONÓMICA		Descrición	Euros
Concepto			
87000		Ambulancia Protección Civil/GES	47.000,00
TOTAL INGRESOS			47.000,00

SEGUNDO.- Expoñer este expediente ao público mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, por quince días, durante os que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

QUINTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de dar comezo a este punto, e cando son as catorce horas e quince minutos o Sr. Concelleiro, D. David Fernández Delgado e a Sra. Concelleira, Dña. Elsa Susana Pérez Fernández, abandonan o salón de Plenos.

O Sr. Veloso González formula o rogo de recuperar un antigo poste da luz na praza de San Paio. Ademais, fai entrega á Secretaria municipal dun listado de rogos veciñais, que asume como propios do grupo socialista unha vez preguntado a tal efecto pola funcionaria, e que se anexan na presente acta.



Estrada de Portugal, 27
32870 ó Lobios ó Ourense (España)
P ó 3204300 ó B
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

TEMAS SOBRE OCIO PARA EL TURISMO

1. RECUPERAR EL CAMPING PARA EL TURISMO JOVEN AL QUE LE GUSTA EL PAISAJE Y LA NATURALEZA Y NO DISCRIMINAR A LA JUVENTUD.
2. PONER EN FUNCIONAMIENTO EL PARKING DE AUTOCARAVANAS.
3. CATAMARÁN PARA RECORRIDO NÁUTICO SEMEJANTE A LOS CAÑONES DEL SIL.
4. ANALIZAR EL TEMA DEL EMBARCADERO O DEVOLVERSELO A LOS VECINOS DE LA PARROQUIA DE SAN SALVADOR DE MANÍN POR INCUMPLIMIENTO DE CONTRATO. YA LLEVAMOS 5 AÑOS CON INACTIVIDAD TOTAL.
5. Y POR ÚLTIMO, RESPETAR LAS PETICIONES DE LOS VECINOS DE LA PARROQUIA DE SAN SALVADOR DE MANÍN.

6. ROTULOS INFORMATIVOS PARA LA ESCUSAYA
Y LA NECROPOLIS DE MANIN (HISTORIA) EPOCA
DOS HERMANDIÑOS

E non habendo mais asuntos que tratar a Sra. Alcaldesa-Presidenta, tras felicitar o novo ano a todos/as os/as presentes, levanta a sesión cando son as catorce horas e vinte minutos do día anteriormente sinalado, do que eu como Secretaria dou fe.

A Presidenta

A Secretaria-Interventora

María del Carmen Yáñez Salgado

Marta Izquierdo Gamallo